



**PROCESO SELECTIVO PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIADO INTERINO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL AGRÍCOLA GANDEIRO/A CON DESTINO Á FINCA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR, SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. PRIMER EJERCICIO**

**1. Marca a resposta correcta:**

- a) Son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente
- b) Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira
- c) É persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin
- d) Todas son correctas

**2. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais, cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave e inminente con ocasión do seu traballo, o empresario estará obrigado a:**

- a) Informar o antes posible a todos os traballadores afectados acerca da existencia de dito risco e das medidas adoptadas ou que, no seu caso, deban adoptarse en materia de protección
- b) Adoptar as medidas e dar as instrucións necesarias para que, en caso de perigo grave, inminente e inevitable, os traballadores poidan interromper a súa actividade e, se fora necesario, abandonar de inmediato o lugar de traballo
- c) Dispoñer o necesario para que o traballador que non puidera poñerse en contacto co seu superior xerárquico, ante unha situación de perigo grave e inminente para a súa seguridade, a de outros traballadores ou a de terceiros á empresa, estea en condicións de adoptar as medidas necesarias para evitar as consecuencias de dito perigo
- d) Todas son correctas

3. ¿Que establece o artigo 2 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?

- a) Todas as persoas gozarán dos dereitos derivados do principio de igualdade de trato e da prohibición de discriminación por razón de sexo
- b) As obrigacións serán de aplicación a toda persoa, física ou xurídica, que se atope ou actúe en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia
- c) A creación de programas para a conciliación da vida laboral e familiar
- d) a) e b) son correctas

4. A Provincia:

- a) Garante os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social
- b) Fomenta as peculiaridades dos municipios integrados na provincia
- c) a) e b) son correctas
- d) Ningunha é correcta

5. De acordo co artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos Laborais, relativo aos principios da acción preventiva, sinale a resposta INCORRECTA:

- a) O empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención con arranxo ao principio xeral de adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva
- b) O empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde no momento de encomendarlles as tarefas
- c) O empresario adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que só os traballadores que recibiran información suficiente e adecuada poidan acceder ás zonas de risco grave e específico
- d) A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións ou imprudencias non temerarias que puidera cometer o traballador



6. O persoal eventual:

- a) É persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin
- b) O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicas
- c) Seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral de persoal laboral
- d) Ningunha é correcta

7. ¿Que enfermidade da vide pode provocar a súa morte ao cabo de 3 ou 4 anos despois da aparición dos primeiros síntomas?

- a) Oidio
- b) *Armillaria mellea*
- c) Mildiu
- d) Excoriose

8. A tesoiras que se usa para facer cortes a unha altura superior a 3 metros denomínase:

- a) Tesoira dobre
- b) Tesoira telescópica
- c) Podadera larga
- d) Lanza

9. ¿Cal dos seguintes EPIS NON é obrigatorio para un operario forestal cando usa unha rozadoira?

- a) Luvas anticorte
- b) Botas de seguridade
- c) Lentes anti proxeccións
- d) Pantalla de protección facial

**10. Ao aumentar a presión dun pulverizador:**

- a) Consúmese menos volume de caldo
- b) Diminúese o número de pingas
- c) Diminúese o tamaño das pingas
- d) Desgástanse menos as boquillas

**11. Dentro das labores de mantemento dun céspede, ¿cal utilizarías para eliminar o feltro que se acumula na capa superficial?**

- a) Segá
- b) Pinchado
- c) Enareado
- d) Escarificado

**12. ¿Como se chama o proceso polo cal se poda a xema terminal, anulando deste modo a dominancia apical, favorecendo o crecemento das xemas ou brotes laterais?**

- a) Pinzamento
- b) Descabezado
- c) Anelamento
- d) Poda de rexuvenecemento

**13. Traballando coa rozadoira se utilizas o disco de triturar maleza o movemento que debes realizar será:**

- a) De arriba cara abaixo
- b) De esquerda a dereita
- c) De dereita a esquerda
- d) De abaixo cara arriba



14. Cal das seguintes accións é imprescindible realizar despois de plantar unha árbore:

- a) Facer un acolchado superficial
- b) Realizar unha rega abundante
- c) Facer un abonado rico en nitróxeno
- d) Ningunha das anteriores

15. Unha das normas básicas á hora de segar un céspede é:

- a) Non cortar máis de 1/3 da altura da planta
- b) Sempre que sexa posible débese realizar o segado co céspede húmido
- c) Débese manter a altura do céspede por riba dos 4 cm
- d) Débense de afiar as coitelas despois de cada corte

16. O corremento da flor nas árbores froiteiras, prodúcese:

- a) Por períodos de choiva continuada
- b) Por ventos moi suaves e temperados
- c) Por temperaturas comprendidas entre os 18 e 25 °C
- d) Esta alteración fisiolóxica da flor so a padece a vide

17. Á hora de realizar un corte dunha rama, a elección da motoserra atendendo á lonxitude da súa espada virá determinada por:

- a) A idade da árbore
- b) O diámetro da rama a cortar
- c) A altura da árbore
- d) O peso da máquina

18. ¿Cal é o prazo para o establecemento dun céspede, nunhas condicións óptimas de temperatura e sen incidencias reseñables contrarias?

- a) De 2 a 4 días para as variedades que soportan ben a sombra
- b) De 2 a 4 días para todas as variedades
- c) De 8 a 15 días segundo as variedades
- d) Ningunha é correcta



19. Cal das seguintes formacións frutíferas están presentes exclusivamente en pomáceas:

- a) Brindilla
- b) Ramo mixto
- c) Ramillete de maio
- d) Bolsa

20. ¿Cal é a mellor época para plantar unha árbore a raíz núa?

- a) En período de repouso vexetativo
- b) En calquera época do ano
- c) Preferiblemente nos meses de verán
- d) Durante a floración

21. Cal das seguintes labores non é unha operación de mantemento do viñado:

- a) Deschuponado
- b) Desvainado
- c) Esfollado
- d) Despunte

22. ¿Que emisores de rega distribúen a auga en forma de choiva moi fina?

- a) Goteiros
- b) Microaspersores e microdifusores
- c) Cintas de exudación
- d) Tubaxes goteadoras

23. A poda de formación nunha árbore realízase:

- a) Durante os primeiros anos
- b) Durante toda a súa vida
- c) Cando a árbore se atopa na súa fase madura
- d) Cando necesitas recuperar unha árbore moi deteriorada

24. Unha das vantaxes da rega localizado fronte a rega por aspersión é:
- a) Maior escorrentía
  - b) Maior evaporación
  - c) Maior alcance
  - d) Maior aforro de auga
25. O prazo de seguridade dun produto fitosanitario é:
- a) O tempo que debe transcorrer entre a aplicación do produto e a recolección do froito
  - b) O tempo que ese produto pode estar almacenado
  - c) O tempo que debe transcorrer entre aplicacións
  - d) O tempo que debe transcorrer entre a aplicación e o acceso de persoas á parcela tratada
26. ¿En que consiste a poda de aclareo?
- a) En eliminar selectivamente ramas para reducir a densidade de copa
  - b) En eliminar as ramas vellas para mellorar a vitalidade da árbore
  - c) En eliminar as ramas que se atopan moi próximas ao chan
  - d) En cortar todas as ramas a 1/3 da súa lonxitude
27. O perfilado dunha superficie con céspede realízase:
- a) Normalmente e salvo raras excepcións cunha segadora manual rotativa
  - b) Cunha rozadoira manual portátil de fío
  - c) Cun cortacésped helicoidal
  - d) Ningunha é correcta
28. ¿Que máquina se usa para reducir o volume dos restos de poda?
- a) Forno de rama portátil
  - b) Biotrituradora
  - c) Rozadoira de "molinillo"
  - d) Escarificador



29. ¿Que obxectivo se busca cando nunha árbore froiteira se realiza un aclareo de froitos?

- a) Ter maior cantidade de froitos
- b) Ter froitos de maior calidade e tamaño
- c) Ter froitos máis resistentes aos fungos
- d) Diminuír a vitalidade da árbore

30. ¿Cal sería a secuencia correcta á hora de sementar céspede?

- a) Regar, nivelar o terreo, sementar, pasar o rulo e cubrir a semente
- b) Sementar, nivelar o terreo, pasar o rulo, cubrir a semente e regar
- c) Nivelar o terreo, sementar, cubrir a semente, pasar o rulo e regar
- d) Sementar, cubrir a semente, regar, nivelar o terreo e pasar o rulo

RESERVA

1. **Corresponde ao Pleno da Deputación (sinala a resposta correcta):**
  - a) A aprobación e modificación dos Orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación provisional das contas
  - b) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público
  - c) O control e a fiscalización dos órganos de goberno
  - d) Todas son correctas
  
2. **Para podar un arbusto formando unha pantalla vexetal cal destas ferramentas utilizarías:**
  - a) Rozadoira
  - b) Cortasetos
  - c) Tesoira de paso (by-pass)
  - d) Tesoira de "yunque"
  
3. **Un dos síntomas da excoriose da viña é:**
  - a) Avultamentos na cara superior das follas
  - b) Aparición de manchas aceitosas na follas
  - c) Amarelamento das follas
  - d) Emblanquecemento da madeira agostada con puntuacións negras
  
4. **A materia activa dun produto fitosanitario é:**
  - a) O compoñente que exerce a acción contra o axente prexudicial
  - b) O compoñente que ten por misión dar volume ao produto
  - c) O compoñente que potencia a acción da materia principal
  - d) O compoñente que da a cor ao produto fitosanitario

5. Un pulverizador de barra utilízase principalmente para a aplicación de produtos fitosanitarios en:

- a) Céspedes ou praderías
- b) Árbores ornamentais
- c) Viñado en espaleira
- d) Cultivos leñosos



PROCESO SELECTIVO PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIADO INTERINO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL AGRÍCOLA GANDEIRO/A CON DESTINO Á FINCA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR, SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. PRIMEIRO EXERCICIO

PREGUNTA	RESPOSTA
1	D
2	D
3	D
4	A
5	A
6	B
7	B
8	B
9	A
10	C
11	D
12	A
13	A
14	B
15	A
16	A
17	B
18	C
19	D
20	A
21	B
22	B
23	A

PREGUNTA	RESPOSTA
24	D
25	A
26	A
27	B
28	B
29	B
30	C
RESERVA	
PREGUNTA	RESPOSTA
31	D
32	B
33	D
34	A
35	A